

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Bolsas de emprego

*CORRECCIÓN DE ERRO NO SUMARIO DO ANUNCIO DA BOLSA DE EMPREGO DE
TÉCNICOS/AS SUPERIORES DE ARQUIVOS*

CORRECCIÓN DE ERRO BOLSA EMPREGO TÉCNICOS/AS SUPERIORES DE ARQUIVOS

No Boletín Oficial da Provincia no 114, do 14 de xuño de 2018, publicouse a Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, como Técnicos/as superiores de arquivos (A1).

Detectado erro material no sumario do anuncio no senso de que faise referencia a unha Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Técnicos/as Medios/as de Arquivos, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, procédese á súa corrección:

No sumario, **onde di** “BASES E CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS DE TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS DE ARQUIVOS.” **debe dicir** “BASES E CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS DE TÉCNICOS/AS SUPERIORES DE ARQUIVOS”

Vigo, data da sinatura electrónica.

A xefa da Área de Recursos Humanos
e Formación

María Dapena Gómez

O concelleiro delegado
da Área de Xestión Municipal e Persoal
(Por decreto de alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local
de datas 19/06/2015 e 30/12/2016)

Javier Pardo Espiñeira

